


“LA ROSA”

de Mark Rydell.

Interpretada por Bette Midler.



Disque o Blues é un canto triste, o sentimento feito música dos oprimidos —negros— nun mundo de blancos.

“Un Blues é o que cantei ó nacer”. Palabras de Bette-Janis nun recital. Precisamente un Blues porque era Muller. Vese con agrado e dor esta película que quere ser unha biografía de Janis Joplin ou de moitas mulleres que tentaron a súa liberdade no mundo da canción, do cine, da literatura... e quedáronse na metade do camiño. Porque ser unha mesma, completamente, sempre; estar viva até nos momentos de amargo dor e soedade e só atopar insensibilidade nos que te arrodean, ¡destruetel; fúndete no mais fondo dos abismos. Bette creible en todo momento chega ó mais íntimo do noso ser cando dende un esceario perante miles de fans, lles explica que é unha muller, qué agarda a sociedade das mulleres: que cocifñen, freguen, limpen as suas casas con optimismo, que agarden radiantes o seu esposo, o mais maravilhoso dos homes, con amor e xenerosidade aínda que chegue ás catro da mañá cheirando a outra muller. E fal-o amor sin gañas.

Janis-Bette rachou coa norma xa desde moi nova. Todo parecía sinxelo ó comenzo. Cantando para os amigos en Texas-Florida en bares en troques de unhas cervezas, en clubs de folk. Até que chegou o éxito e a carreira foi ascendente e imparable. E a soedade eo desamor tamén. E a anguria. E o querer parar e non poder. A máquina das multinacionais do disco non o permiten. Parvadas de muller. Non se pode dete-la engranaxe. Eles non poden deixar de gañar cartos. Hai que seguir. E Bette-Janis en un avión, mira pola fiestra e chora: “non sei endexamais onde estou, as nubes son todas iguais”. Realmente tes que estar segura de que queres parar, de que tes que deter esa máquina infernal que non te deixa compoñer, decir todo o que queres. Expressar, con música a túa xenreira cara a desigoaldade e a inxusticia. E cantar todo o amor que levas dentro. Pero ti, soia, porque os que amas rematan fuxindo. Aterradora película onde con frialdade —se o consigues pesie a forza das imaxes e o seu contido— comprobamos unha vez mais que as mulleres estamos ante o dilema da elección: Afectividade ou Carreira profesional. Se pretendes facer aquilo que che agrada vas deixando a pel en cada pegada.

O lesbianismo, tabú diante a sexualidade —machismo imperante. O Home de turno non atura unha íntima relación de Janis— Bette con unha amiga.

Sentimento, dor nas cancións. Vitalidade en cada poro de muller compositora-cantante. Ó final o pozo negro da droga, do suicidio, da morte. Nada. Atrás James Dean, Leonard Cohen, os teus pais, Hotel Chelsea, Country-Blues en Austin, Os Anxeles do Inferno e San Francisco, Dane Letz e Johnny Winter e ti —como comentaron os teus biógrafos— Jani-Bette, berrando, chorando, susurrando nas cancións e rindo pesie a que che doía dentro.

Eras ti mesma... ¡casi nada!

Caias e voltabas a te por en pé. Aínda gardabas moitas risas, moitas cancións para ser cantadas... e había tanto amor agardándote. ¿Habiao —Janis-Bette— realmente?

TERESA NAVAZA

